

2/501 ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA ZONA DE BAIXAS EMISIÓN (ZBE) NO CONCELLO DE LUGO.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da xefa da Sección de Mobilidade Urbana e Sancións, do 11 de decembro de 2025, conformado polo tenente de alcalde delegado da área respectiva, na parte expositiva do cal se fai constar:

“ANTECEDENTES DE FEITO

O artigo 45.1 da Constitución española (en diante CE) recoñece que todo o mundo ten o dereito a dispoñer dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. O artigo 45.2 da CE establece que os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

Por outra banda, o artigo 43.1 da CE recoñece o dereito á protección da saúde.

No ámbito europeo, a normativa sobre calidade do aire en vigor vén representada pola Directiva 2008/50/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2008, relativa á calidade do aire ambiente e a unha atmosfera máis limpa en Europa e a Directiva 2004/107/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 2004, relativa ao arsénico, ao cadmio, ao mercurio, ao níquel e aos hidrocarburos aromáticos policíclicos no aire ambiente.

No noso ordenamento xurídico interno, é a Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera a que actualiza a base legal para os desenvolvementos relacionados coa avaliación e a xestión da calidade do aire en España. O seu artigo 16.4 determina que as entidades locais, no ámbito das súas competencias, poden elaborar os seus propios plans e programas co fin de cumprir os niveis establecidos na normativa correspondente, e permítelles adoptar medidas de restrición total ou parcial do tráfico, entre as cales se inclúen as restricións aos vehículos máis contaminantes.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 25.2 establece que os municipios deben exercer competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas materias de medio ambiente urbano, e especificamente de protección contra a contaminación atmosférica nas zonas urbanas, e de tráfico e estacionamento de vehículos e mobilidade, que inclúe a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas.

Pero a nivel xeral e con efectos en todas as administracións, é o artigo 27.2 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o que dispón que as

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4627769149136641932.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 12-12-2025

administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deben protexer a saúde da poboación mediante actividades e servizos que actúen sobre os riscos presentes no medio e nos alimentos, para os efectos de despregar os servizos e as actividades que permitan a xestión dos riscos para a saúde que poidan afectar á poboación.

Tamén, e de maneira concreta, o artigo 7 do texto refundido da Lei sobre tráfico e seguridade viaria, aprobado por Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, outórgalles aos municipios a competencia de restrinxir a circulación a determinados vehículos en vías urbanas da súa competencia por motivos medioambientais, e o artigo 18, a de acordar polos mesmos motivos a prohibición total ou parcial de acceso a partes da vía con carácter xeral ou para determinados vehículos ou o peche de determinadas vías.

A Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética imponlles aos municipios de máis de 50.000 habitantes a adopción de plans de mobilidade urbana sostible, que deben introducir medidas de mitigación para reducir as emisións derivadas da mobilidade, incluíndo, polo menos, o establecemento de zonas de baixas emisións (en diante, ZBE) e tamén aplicable aos municipios de máis de 20.000 habitantes cando se superen os valores límite dos contaminantes regulados no Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire.

O Real decreto 1052/2022, do 27 de decembro, polo que se regulan as zonas de baixas emisións constitúe a normativa de desenvolvemento da Lei de cambio climático, que marca os criterios e obxectivos medioambientais e de mobilidade urbana. Así mesmo, o real decreto establece no seu artigo segundo que as ZBE serán delimitadas e reguladas polas entidades locais na súa correspondente normativa.

A regulación normativa, por medio de ordenanza, debe ir acompañada dun proxecto técnico ou de planificación que debe establecer o ámbito territorial dunha ou máis ZBE dentro do territorio do municipio, tendo en conta os instrumentos de planificación local.

O proxecto da ZBE, que non debe ser confundido co PMUS, debe fixar as limitacións de circulación e estacionamento de vehículos, e deberá conter como mínimo os apartados do ANEXO I do Real decreto 1052/2022 (contido mínimo do proxecto de zonas de baixas emisións). O Proxecto de implantación da ZBE figura informado favorablemente polo Servizo de Enxeñería Municipal, tramitándose a súa aprobación de xeito separado noutro expediente.

O obxectivo de mellora de calidade do aire e ruído nas ZBE debe poder cuantificarse e, en caso de superar os valores lexislados, o proxecto debe contribuír a alcanzar o cumprimento no menor tempo posible, establecendo un calendario e avaliando o impacto das medidas adoptadas na ZBE.

Por iso, o establecemento das ZBE é unha obriga legal desenvolvida regulamentariamente, e deberá ser regulada polos concellos por medio de ordenanza municipal. Dentro das competencias de regulación do tráfico das vías urbanas, que ten establecido por lei este Concello, e para promover o uso peonil das rúas, crearanse unhas zonas de especial protección peonil.

A competencia sancionadora que se establece nesta ordenanza municipal de Lugo segue o réxime sancionador no caso de que non se respecten as restricións de acceso, circulación e estacionamento por parte das persoas usuarias, remitindo para iso á Lei 18/2021, do 20 de decembro, pola que se modifica o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación, vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, en materia do permiso e licenza de condución por puntos, xa que só constitúen infraccións administrativas as vulneracións do ordenamento xurídico previstas como tales por unha lei.

O procedemento sancionador así como o réxime de sancións das ZBE susténtase exclusivamente no apartado Z3 do artigo 76 "Infraccións graves" do citado texto refundido da Lei sobre tráfico e seguridade viaria. A redacción do texto que se somete a aprobación, os anexos así como o proxecto de implanatación da ZBE foi elaborado pola mercantil Desarrollo, Organización y Movilidad, S.A (DOYMO) con CIF A61722740, tal e como se reflicte no informe do Servizo de Desenvolvemento Local (fondos europeos) que consta no expediente.

Cómpre sinalar que, tras a fase de consulta pública previa e vistas as suxestións presentadas, estas foron analizadas polos técnicos adscritos aos Servizos de Desenvolvemento Local e Enxeñería en coordinación coa Alcaldía, incorporándose aquelas que se consideraron viables tanto ao borrador de ordenanza coma ao proxecto técnico de implantación.

Esta ordenanza, que establece as ZBE do municipio de Lugo, regula inicialmente o seu obxecto, finalidade, ámbito de aplicación, competencia e medidas de implementación. Dentro da competencia municipal, confírese unha delegación da ordenanza á modificación dos anexos II, III, IV, así como o V (exclusivamente nos aspectos relacionados con modificacións dos anexos II, III e IV para que resulte coherente) mediante decreto de Alcaldía.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4627769149136641932.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 12-12-2025

Tamén se contemplan como contido da ordenanza os contaminantes, as medidas de intervención municipal, as medidas específicas de restrición de tráfico, a sinalización e a coherencia coa planificación municipal.

O acceso de vehículos, circulación e estacionamento nas ZBE autorízase na ordenanza a través do rexistro municipal de vehículos autorizados nas ZBE.

A ordenanza tamén trata do sistema de control e a protección de datos; a sensibilización, comunicación e participación cidadá; e a atención á cidadanía na xestión das ZBE.

Esta normativa municipal do Concello de Lugo cumpre tamén o principio de transparencia, en canto que a norma define claramente os seus obxectivos e se cumpren fielmente os trámites de información e audiencia públicas que lles dan participación tanto ao público en xeral coma aos colectivos e sectores vinculados á mobilidade en particular coa publicación, despois da primeira aprobación no Pleno municipal, desta norma e cos prazos previstos na normativa de elaboración de ordenanzas municipais, do actual artigo 49 da Lei de bases de réxime local.

Así mesmo, garántese o principio de seguridade xurídica en tanto que esta iniciativa normativa se exerce de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico nacional.

Á ordenanza incorpóranselle anexos relativos ás ZBE, co ámbito territorial da ZBE, así como as condicións de acceso, os itinerarios xerais de circulación segundo os sectores establecidos dentro da ZBE, as zonas reservadas para efectuar a carga e descarga de mercadorías e os proxectos técnicos das ZBE.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA: A potestade regulamentaria das entidades locais atópase recollida no art. 4 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

SEGUNDA: O trámite procedemental para a aprobación e modificación das ordenanzas municipais correspóndelle ao Pleno conforme o establecido no art. 49 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 123.1.d e 127.1.a destes do mesmo texto legal no que se refire ás competencias da Xunta de Goberno Local.

Constan no expediente informes favorables de Policía Local, do Servizo de Enxeñería e do Servizo de Desenvolvemento Local.

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de Ordenanza municipal reguladora da zona de baixas emisións (ZBE) do concello de Lugo, que a continuación se transcribe xunto cos correspondentes anexos que se relacionan.

SEGUNDO.- Elevar o acordo aprobado ao Pleno municipal para a súa aprobación inicial e sometemento ao trámite de información pública, para os efectos de presentación de alegacións e posterior aprobación definitiva á vista do mencionado trámite de información pública.



ORDENANZA REGULADORA DA ZONA DE BAIXAS EMISIÓNS DO CONCELLO DE LUGO

PREÁMBULO	2
Artigo 1.- Obxecto	5
Artigo 2.- Ámbito de aplicación	5
Artigo 3.- Competencia municipal para regular a ZBE	6
Artigo 4.- Implantación da ZBE e coherencia cos instrumentos de planificación	7
Artigo 5.- Sinalización da ZBE	7
Artigo 6.- Vehículos autorizados para acceder á ZBE	7
Artigo 7.- Medidas de intervención. Sistema de control e protección de datos	8
Artigo 8.- Estacionamento nas ZBE	8
Artigo 9.- Medidas específicas de restrición de tráfico ante episodios de contaminación	9
Artigo 10.- Sensibilización, comunicación e participación cidadá	9
Artigo 11.- Atención á cidadanía na xestión da ZBE	9
Artigo 12.- Réxime sancionador da ZBE	9
Disposición derogatoria	10
Disposición transitoria primeira. Entrada en vigor do procedemento sancionador	
Disposición transitoria segunda. Modificación de anexos mediante decreto de Alcaldía	10
Disposición transitoria terceira. Prevalencia de plans de tráfico e sinalización circunstancial	11
Disposición final única. Entrada en vigor	11
ANEXO I	12
Ámbito da zona de baixas emisións do recinto amurallado de Lugo	12
Ámbito da zona de baixas emisións	12

ANEXO II	13
Acceso e limitacións á circulación e estacionamento de vehículos na ZBE	13
1º Vehículos que poden acceder á zona de baixas emisións e condicións de estacionamento	13
2º.- Inscripción no rexistro de vehículos autorizados para acceder á ZBE	18
ANEXO III: ITINERARIOS XERAIS DE CIRCULACIÓN	19
ANEXO IV: ZONAS DE CARGA E DESCARGA NA ZBE	20
ANEXO V: PROXECTOS TÉCNICOS DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN	21

PREÁMBULO

O artigo 45.1 da Constitución española (en diante CE) recoñece que todo o mundo ten o dereito a dispoñer dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. O artigo 45.2 da CE establece que os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

Por outra banda, o artigo 43.1 da CE recoñece o dereito á protección da saúde.

No ámbito europeo, a normativa sobre calidade do aire en vigor vén representada pola Directiva 2008/50/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2008, relativa á calidade do aire ambiente e a unha atmosfera máis limpa en Europa e a Directiva 2004/107/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de decembro de 2004, relativa ao arsénico, ao cadmio, ao mercurio, ao níquel e aos hidrocarburos aromáticos policíclicos no aire ambiente.

No noso ordenamento xurídico interno, é a Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera a que actualiza a base legal para os desenvolvementos relacionados coa avaliación e a xestión da calidade do aire en España. O seu artigo 16.4 determina que as entidades locais, no ámbito das súas competencias, poden elaborar os seus propios plans e programas co fin de cumprir os niveis establecidos na normativa correspondente, e permítelles adoptar medidas de restrición total ou parcial do tráfico, entre as cales se inclúen as restricións aos vehículos máis contaminantes.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 25.2 establece que os municipios deben exercer competencias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas materias de medio ambiente urbano, e especificamente de protección contra a contaminación atmosférica nas zonas urbanas, e de tráfico e estacionamento de vehículos e mobilidade, que inclúe a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4627769149136641932.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 12-12-2025

Pero a nivel xeral e con efectos en todas as administracións, é o artigo 27.2 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o que dispón que as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deben protexer a saúde da poboación mediante actividades e servizos que actúen sobre os riscos presentes no medio e nos alimentos, para os efectos de desprezar os servizos e as actividades que permitan a xestión dos riscos para a saúde que poidan afectar á poboación.

Tamén, e de maneira concreta, o artigo 7 do texto refundido da Lei sobre tráfico e seguridade viaria, aprobado por Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, outórgalles aos municipios a competencia de restrinxir a circulación a determinados vehículos en vías urbanas da súa competencia por motivos medioambientais, e o artigo 18, a de acordar polos mesmos motivos a prohibición total ou parcial de acceso a partes da vía con carácter xeral ou para determinados vehículos ou o peche de determinadas vías.

A Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética imponse aos municipios de máis de 50.000 habitantes a adopción de plans de mobilidade urbana sostible, que deben introducir medidas de mitigación para reducir as emisións derivadas da mobilidade, incluíndo, polo menos, o establecemento de zonas de baixas emisións (en diante, ZBE) e tamén aplicable aos municipios de máis de 20.000 habitantes cando se superen os valores límite dos contaminantes regulados no Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire.

O Real decreto 1052/2022, do 27 de decembro, polo que se regulan as zonas de baixas emisións constitúe a normativa de desenvolvemento da Lei de cambio climático, que marca os criterios e obxectivos medioambientais e de mobilidade urbana. Así mesmo, o real decreto establece no seu artigo segundo que as ZBE serán delimitadas e reguladas polas entidades locais na súa correspondente normativa.

A regulación normativa, por medio de ordenanza, debe ir acompañada dun proxecto técnico ou de planificación que debe establecer o ámbito territorial dunha ou máis ZBE dentro do territorio do municipio, tendo en conta os instrumentos de planificación local.

O proxecto da ZBE, que non debe ser confundido co PMUS, debe fixar as limitacións de circulación e estacionamento de vehículos, e deberá conter como mínimo os apartados do ANEXO I do Real decreto 1052/2022 (contido mínimo do proxecto de zonas de baixas emisións).

O obxectivo de mellora de calidade do aire e ruído nas ZBE debe poder cuantificarse e, en caso de superar os valores lexislados, o proxecto debe contribuír a alcanzar o cumprimento no menor tempo posible, establecendo un calendario e avaliando o impacto das medidas adoptadas na ZBE.

Por iso, o establecemento das ZBE é unha obriga legal desenvolvida regulamentariamente, e deberá ser regulada polos concellos por medio de ordenanza municipal. Dentro das competencias de regulación do tráfico das vías urbanas, que ten establecido por lei este Concello, e para promover o uso peonil das rúas, crearanse unhas zonas de especial protección peonil.

A competencia sancionadora que se establece nesta ordenanza municipal de Lugo segue o réxime sancionador no caso de que non se respecten as restricións de acceso, circulación e estacionamento por parte das persoas usuarias, remitindo para iso á Lei 18/2021, do 20 de decembro, pola que se modifica o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación, vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, en materia do permiso e licenza de condución por puntos, xa que só constitúen infraccións administrativas as vulneracións do ordenamento xurídico previstas como tales por unha lei.

O procedemento sancionador así como o réxime de sancións das ZBE susténtase exclusivamente no apartado Z3 do artigo 76 “Infraccións graves” do citado texto refundido da Lei sobre tráfico e seguridade viaria.

Esta ordenanza, que establece as ZBE do municipio de Lugo, regula inicialmente o seu obxecto, finalidade, ámbito de aplicación, competencia e medidas de implementación. Dentro da competencia municipal, confírese unha delegación da ordenanza á modificación dos anexos II, III, IV, así como o V (exclusivamente nos aspectos relacionados con modificacións dos anexos II, III e IV para que resulte coherente) mediante decreto de Alcaldía.

Tamén se contemplan como contido da ordenanza os contaminantes, as medidas de intervención municipal, as medidas específicas de restrición de tráfico, a sinalización e a coherencia coa planificación municipal.

O acceso de vehículos, circulación e estacionamento nas ZBE autorízase na ordenanza a través do rexistro municipal de vehículos autorizados nas ZBE.

A ordenanza tamén trata do sistema de control e a protección de datos; a sensibilización, comunicación e participación cidadá; e a atención á cidadanía na xestión das ZBE.

Esta normativa municipal do Concello de Lugo cumpre tamén o principio de transparencia, en canto que a norma define claramente os seus obxectivos e cúmprense fielmente os trámites de información e audiencia públicas que lles dan participación tanto ao público en xeral coma aos colectivos e sectores vinculados á mobilidade en particular coa publicación, despois da primeira aprobación no Pleno municipal, desta norma e cos prazos previstos na normativa de elaboración de ordenanzas municipais, do actual artigo 49 da Lei de bases de réxime local.

Así mesmo, garántese o principio de seguridade xurídica en tanto que esta iniciativa normativa se exerce de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico nacional.

Á ordenanza incorpóranselle anexos relativos ás ZBE, co ámbito territorial da ZBE, así como as condicións de acceso, os itinerarios xerais de circulación segundo os sectores establecidos dentro da ZBE, as zonas reservadas para efectuar a carga e descarga de mercadorías e os proxectos técnicos das ZBE.

Artigo 1.- Obxecto.

1. Esta ordenanza municipal ten como obxecto a creación e xestión da zona de baixas emisións (en diante ZBE), de conformidade co disposto na Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, dentro do municipio de Lugo.

2. Esta ordenanza tamén regulará o uso das zonas peonís de Lugo existentes dentro do ámbito de ZBE (centro histórico delimitado polo recinto amurallado), co fin de reducir a contaminación acústica e ambiental, aumentar a seguridade viaria, promover hábitos saudables e xestionar o acceso, circulación e estacionamento nestas zonas peonís.

3. Segundo a definición incluída na Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, enténdese por zona de baixa emisión o ámbito delimitado por unha administración pública en exercicio das súas competencias, dentro do seu territorio, de carácter continuo, e no que se aplican restricións de acceso, circulación e estacionamento de vehículos para mellorar a calidade do aire e mitigar as emisións de gases de efecto invernadoiro, conforme a clasificación dos vehículos polo seu nivel de emisións, consonte o establecido no Regulamento xeral de vehículos vixente. O Real decreto 465/2025, do 10 de xuño, polo que se modifica o Regulamento xeral de circulación, define o sinal R-120 como de entrada prohibida de vehículos en función do seu distintivo ambiental ou outros criterios ambientais que se establezan.

No caso da ZBE de Lugo no ámbito do recinto amurallado, a planificación da mobilidade está orientada a reducir o peso da mobilidade motorizada da cidade permitindo unicamente o acceso ao tráfico necesario e eliminando o tráfico de paso. Este feito, unido a que os niveis de contaminación actuais son relativamente bos, motiva que non se restrinxa o acceso por etiqueta ambiental, senón de forma xeneralizada para todo tipo de vehículos que non teña a necesidade de entrar, co propósito de minimizar as emisións.

4. Para os efectos desta ordenanza, enténdese por persoa residente aquela que teña a propiedade dunha vivenda ou que acredite ter un dereito de uso dun inmovle ou actividade.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

1. O ámbito territorial de aplicación da ZBE no municipio de Lugo abarca o interior do recinto amurallado de acordo co establecido no anexo I desta ordenanza e o proxecto técnico correspondente, quedando autorizado por esta ordenanza a autoridade municipal a establecer por decreto de Alcaldía a modificación dos anexos II, III, IV, así como o V (exclusivamente nos aspectos relacionados con

modificacións dos anexos II, III e IV para que resulte coherente). A supresión ou modificación do ámbito territorial da ZBE establecida actualmente e a creación dunha nova ZBE deberá ser aprobada polo Pleno municipal. Calquera nova ZBE necesitará a realización do proxecto xustificativo correspondente segundo o establecido no decreto que desenvolve a súa implantación.

2. A ZBE, segundo o proxecto técnico, poderá estar dividida en subzonas, e os residentes deberán seguir os itinerarios só dentro do seu sector de residencia.

3. Todos os vehículos que circulen polo termo municipal de Lugo quedarán suxeitos a esta ordenanza. Poderán establecerse excepcións temporais ás restricións de acceso, circulación e estacionamento de vehículos, sempre que sexan compatibles cos obxectivos establecidos no proxecto de ZBE.

4. O proxecto técnico que establece a ZBE detállase no anexo V, e contera o contido mínimo establecido no anexo 1 do Real decreto 1052/2022, do 27 de decembro, polo que se regulan as zonas de baixas emisións.

5. O proxecto técnico das ZBE será revisado, polo menos, aos tres anos do seu establecemento, e posteriormente, polo menos, cada catro anos, co obxecto de verificar o cumprimento dos seus obxectivos e a actualización dos proxectos técnicos e, de ser o caso, modificar as medidas de intervención establecidas nos anexos II, III e IV desta ordenanza.

Artigo 3.- Competencia municipal para regular a ZBE.

1. A Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera actualiza a base legal para os desenvolvementos relacionados coa avaliación e a xestión da calidade do aire en España. O seu artigo 16.4 determina que as entidades locais, no ámbito das súas competencias, poden elaborar os seus propios plans e programas co fin de cumprir os niveis establecidos na normativa correspondente, e permítelles adoptar medidas de restrición total ou parcial do tráfico, entre as cales se inclúen as restricións aos vehículos máis contaminantes.

2. O artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que os municipios exercerán como competencias propias, nos termos que estableza a lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias: o medio ambiente urbano, o tráfico, o estacionamento de vehículos e a mobilidade.

3. Pero a nivel xeral e con efectos en todas as administracións, é o artigo 27.2 da Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, o que dispón que as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deben protexer a saúde da poboación mediante actividades e servizos que actúen sobre os riscos presentes no medio e nos alimentos, para efectos de despregar os servizos e as

actividades que permitan a xestión dos riscos para a saúde que poidan afectar á poboación.

4. A competencia municipal para o establecemento e regulación da ZBE e o establecemento de zonas de especial protección peonil, mediante a aprobación desta ordenanza vén atribuída por:

a) A Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, cuxo artigo 14.3.a) impón a obrigação de establecer as ZBE a determinados municipios, entre os que se atopan os municipios de máis de 50.000 habitantes, como é o caso do municipio de Lugo.

b) O texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, cuxo artigo 7 atribúelles competencias aos municipios para a regulación, ordenación, xestión, vixilancia e disciplina do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade e, en particular, para a regulación mediante ordenanza dos usos das vías urbanas, para establecer a restrición da circulación a determinados vehículos en vías urbanas por motivos ambientais e para o peche de determinadas vías.

c) O Real decreto 1052/2022, do 27 de decembro, polo que se regulan as ZBE constitúe a normativa regulamentaria deste instrumento medioambiental e de mobilidade urbana.

Artigo 4.- Implantación da ZBE e coherencia cos instrumentos de planificación.

6. A implementación da ZBE debe estar integrada e ser coherente cos instrumentos municipais de planificación urbana, coa normativa de calidade do aire e de acción contra o ruído, así como as medidas adoptadas polo Plan de mobilidade urbana sostible de Lugo.

7. A ZBE terá unha vixencia permanente e vén substituír a zona peonil do seu ámbito de aplicación (centro histórico delimitado polo recinto amurallado), coa que coincide substancialmente no ámbito territorial, modificando as restricións de acceso, circulación e estacionamento de vehículos en atención a criterios medioambientais. Outras zonas peonís de fóra do ámbito da ZBE non se verán afectadas por esta ordenanza.

8. Coa entrada en vigor desta ordenanza, procederase á implantación da ZBE co ámbito territorial que figura no anexo I e cuxos proxectos técnicos se incorporan como anexo V.

9. Poderá ser obxecto de modificación o ámbito territorial da ZBE, tanto o establecemento como a supresión de ZBE, que en todo caso será obxecto de

aprobación polo Pleno municipal e supoñerá a modificación do anexo I da ordenanza.

Artigo 5.- Sinalización da ZBE.

1. A ZBE estará sinalizada nos puntos de acceso e finalización do devandito espazo, utilizando a sinalización prevista pola Dirección Xeral de Tráfico, así como por aquelas regras complementarias que poida establecer nun futuro.
2. A sinalización indicativa de prohibición de acceder á ZBE indicará as condicións de acceso e circulación, e deixará claro os tipos de vehículos que teñen prohibido o acceso, circulación e estacionamento na ZBE. Así mesmo, debe deixar claro cales son os tipos de vehículos que quedan exceptuados da devandita prohibición e que, en consecuencia, poden acceder a ela.
3. As ZBE deberán ser publicadas no Punto de Acceso Nacional de Tráfico y Movilidad (NAP) do que é responsable a Dirección Xeral de Tráfico. Para iso, deberá informarse no prazo máximo dun mes desde o seu establecemento do contorno das ZBE, horarios se os houbese e vehículos permitidos. A Dirección Xeral de Tráfico facilitará a integración da información a través da plataforma do vehículo conectado.

Artigo 6.- Vehículos autorizados para acceder á ZBE.

1. Poderán acceder á ZBE e circular polas rúas do interior do perímetro das ZBE e estacionar nos espazos especialmente habilitados os vehículos determinados no anexo II desta ordenanza.
2. A autoridade municipal establecerá mediante o rexistro de vehículos autorizados as autorizacións que sexan necesarias para circular polas ZBE e, ademais, poderá autorizar outras solicitudes de acceso segundo os criterios establecidos no anexo II desta ordenanza.
3. As persoas que soliciten accesos á ZBE ou que soliciten a súa inscrición no rexistro de accesos autorizados á ZBE serán responsables dos datos facilitados ao Concello que se presupoñen certos. A autoridade competente municipal poderá comprobar a veracidade da información facilitada. A achega de información e datos falsos para conseguir o acceso á ZBE será causa de nulidade da autorización.
4. As autorizacións das que se benefician os vehículos rexistrados no Rexistro municipal de vehículos autorizados na ZBE terán carácter temporal, mentres existan as circunstancias que xustificaron a autorización. Será obrigatorio dar de

baixa ao vehículo unha vez se extingan esas circunstancias. Terá a consideración de infracción grave o incumprimento desta obrigación.

5. Os vehículos inscritos neste rexistro estarán autorizados a acceder, circular e/ou estacionar polas ZBE dentro dos espazos temporais delimitados no anexo II desta ordenanza, nos termos e co alcance previsto nesta ordenanza.

6. Con carácter excepcional e por razóns de interese xeral, poderá autorizarse o acceso, circulación e estacionamento na ZBE a vehículos distintos dos anteriores, mediante resolución motivada da autoridade competente.

7. A xestión do rexistro realizarase conforme as esixencias previstas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e as súas futuras actualizacións.

Artigo 7.- Medidas de intervención. Sistema de control e protección de datos.

1. Na ZBE do municipio de Lugo, prohibese o acceso, a circulación e o estacionamento dos vehículos que non estean incluídos no anexo II desta ordenanza.

2. O control de acceso ás ZBE realizarase mediante un sistema automático e coa plataforma tecnolóxica que designe a autoridade municipal. Con este sistema comprobarase se o vehículo pode acceder ou non á citada zona, sen que sexa necesario captar a imaxe dos ocupantes, sen prexuízo das facultades que a Policía Local teña asignadas no control, vixilancia e sanción das infraccións e non cumprimento das normas establecidas.

3. A instalación e uso de cámaras, videocámaras e de calquera outro medio de captación e reprodución de imaxes para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico efectuaraa a autoridade municipal encargada da regulación do tráfico para os fins previstos no Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, e demais normativa específica na materia, e con suxeición ao disposto na normativa de protección de datos.

4. A autoridade municipal deberá adoptar unha resolución que ordene a instalación e uso dos dispositivos fixos e móbiles de captación e reprodución, previstos para o control das ZBE.

Artigo 8.- Estacionamento nas ZBE.

1. A autoridade municipal queda autorizada para establecer zonas de estacionamento, coa sinalización oportuna se o considerase necesario, para

vehículos autorizados dentro da ZBE, onde se definirá un tempo máximo de permanencia determinado no anexo II desta ordenanza.

2. As zonas reservadas para parada e estacionamento de carga e descarga serán as establecidas no anexo IV desta ordenanza.

3. Nas ZBE estará prohibida a parada e estacionamento fóra das zonas indicadas ou de vehículos sen acceso autorizado.

4. O acceso, a circulación, a parada e o estacionamento dentro da ZBE segmentarase en subzonas nas condicións que se definirán nos anexos desta ordenanza.

Artigo 9.- Medidas específicas de restrición de tráfico ante episodios de contaminación.

A declaración de episodio de contaminación do aire por parte da administración competente comporta a activación do protocolo de actuación municipal ante episodios de alta contaminación atmosférica e as medidas específicas de restrición establecidas no decreto de Alcaldía aprobado para ese efecto, ou da concellería con competencias delegadas na materia.

Artigo 10.- Sensibilización, comunicación e participación cidadá.

O Concello someterá, por medio dos anuncios na súa páxina web institucional, os proxectos técnicos das súas ZBE a un período de información pública non inferior a 30 días hábiles.

Artigo 11.- Atención á cidadanía na xestión da ZBE.

Toda a información relativa ás ZBE será publicada na páxina web institucional do Concello. Habilitaranse as canles de comunicación coa cidadanía de consulta e xestión de trámites relativos ás ZBE. Entre estas canles, obrigatoriamente dotarase o presencial, o telefónico e o telemático.

Artigo 12.- Réxime sancionador da ZBE.

1. As sancións establecidas nesta ordenanza impóñense con base nas infraccións do artigo 76.z3 do Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria e os seus regulamentos de desenvolvemento, que establece que son infraccións graves, cando non sexan constitutivas de delito, as condutas

referidas a non respectar as restricións de circulación derivadas da aplicación dos protocolos ante episodios de contaminación e da ZBE. Estas sancións serán denunciadas segundo o articulado correspondente da ordenanza de circulación.

2. O réxime sancionador da ZBE fundaméntase nas restricións de acceso, circulación e estacionamento na ZBE, por determinación da autoridade municipal no exercicio pleno das súas competencias, que é de plena aplicación, logre ou non alcanzar os obxectivos perseguidos, sexan estes os que sexan referidos á calidade do aire, cambio climático, impulso do cambio modal e eficiencia enerxética, ruído ou calquera outro, que se estableceron no proxecto de ZBE.

Artigo 13.- As infraccións desta ordenanza e sancións.

1. Terá a consideración de infracción grave o feito de non respectar as restricións de acceso, circulación, parada e estacionamento establecidas na ZBE, por parte dos vehículos non contemplados no anexo II da ordenanza ou que, estándoo, carezan da autorización necesaria.

2. As infraccións tipificadas nesta ordenanza en relación coas restricións, acceso, circulación, parada e estacionamento na ZBE sancionaranse con multa de 200 €.

3. As sancións establecidas no apartado anterior poderán incrementarse nun 30% en atención á gravidade e transcendencia do feito, os antecedentes do infractor e á súa condición de reincidente, o perigo potencial creado para el mesmo e para os demais usuarios da vía e ao criterio de proporcionalidade. Enténdese que hai reincidencia cando se cometeu, no prazo dun ano, máis dunha infracción da mesma natureza, cando así se declarase por resolución firme.

Disposición derogatoria.

Coa entrada en vigor desta ordenanza, queda derogada calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña a esta ordenanza ou contradiga esta. Durante o período transitorio, estarase ao disposto na disposición transitoria primeira de entrada en vigor do procedemento sancionador.

Disposición transitoria primeira. Entrada en vigor do procedemento sancionador.

Coa finalidade de familiarizar á cidadanía da cidade de Lugo coa zona de baixas emisións e a súa normativa aplicable, como é de maneira especial a regulación do procedemento de rexistro de vehículos autorizados, as disposicións sobre infraccións desta norma municipal e as sancións desta ordenanza entrarán en vigor a partir dos seis meses da publicación desta ordenanza de zonas de baixas emisións, sen prexuízo de que poida establecerse un período maior mediante

decreto de Alcaldía. Durante este período de 6 meses, no relativo a estas disposicións sobre infraccións e sancións, seguirá vixente a ordenanza de circulación actual.

Disposición transitoria segunda. Modificación de anexos mediante decreto de Alcaldía.

A posta en marcha da ZBE requirirá unha implantación progresiva, por tratarse dunha situación nova na totalidade do recinto amurallado. Co fin de facilitar a adaptación de determinados aspectos funcionais á realidade operativa, por motivos de interese público, funcionalidade, oportunidade e necesidade, os anexos II, III e IV, así como no V (exclusivamente nos aspectos relacionados coas modificacións que se produzan nos anexos II, III e IV) poderán ser modificados mediante decreto de Alcaldía.

Este decreto deberá publicarse no boletín oficial correspondente e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Para o establecemento de novas ZBE, modificación do ámbito territorial ou supresión das que se inclúen no anexo I, será necesaria a aprobación polo Pleno municipal.

En todo caso, a revisión e modificación dos proxectos técnicos das ZBE someteranse a información pública por tempo non inferior a 30 días hábiles por medio de anuncios na páxina web institucional do Concello.

Disposición transitoria terceira. Prevalencia de plans de tráfico e sinalización circunstancial.

Sen prexuízo do establecido nesta ordenanza, cando se leven a cabo obras, actividades, festexos ou calquera outra circunstancia que requira a modificación das condicións de tráfico na zona de baixas emisións (ZBE), prevalecerán as determinacións dos plans de tráfico aprobados e a sinalización circunstancial que se instale para o efecto.

Disposición final única. Entrada en vigor.

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez fose publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorrese o prazo de quince días hábiles previsto no art. 65.2, a teor do preceptuado no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ANEXO I

Ámbito da zona de baixas emisións do recinto amurallado de Lugo

Ámbito da zona de baixas emisións

A zona de baixas emisións de Lugo é a situada no interior do recinto amurallado (ronda da Muralla)




Ilustración 1 Localización da zona de baixas emisións de Lugo

ANEXO II

Acceso e limitacións á circulación e estacionamento de vehículos na ZBE

1º Vehículos que poden acceder á zona de baixas emisións e condicións de estacionamento

O acceso de vehículos á zona de baixas emisións permitirase nos seguintes casos:

1. Ciclos e VMP (vehículos de mobilidade persoal), ambos os dous con tracción física e/ou eléctrica:

Sen restrición de acceso temporal nin horaria.

Estacionamento e circulación segundo o establecido na ordenanza xeral de circulación, sen obrigación de circular segundo os itinerarios establecidos no anexo III.

2. Vehículos que accedan aos aparcadoiros de uso público situados dentro da zona de baixas emisións:

Sen límite temporal nin franxa horaria.

Non se permite a parada nin o estacionamento en vía pública.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

- Vehículos utilizados polos residentes da devandita zona, con e sen praza de garaxe, permitindo en ambos os casos unha parada polo tempo mínimo indispensable e estacionamento ata un máximo de 30 minutos diante dos seus domicilios.

Permitirase un máximo de dous vehículos por praza de garaxe ou por vivenda (se non dispón de praza de garaxe), salvo casos excepcionais debidamente xustificadas.

Sen limitación de franxa horaria.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4627769149136641932.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 12-12-2025

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

3. Vehículos utilizados polos comerciantes (comercios, hostalería e outros negocios), con e sen praza de garaxe, permitirase en ambos os casos unha parada polo tempo mínimo indispensable e estacionamento ata un máximo de 30 minutos diante dos seus locais de negocio.

Permitirase un máximo de dous vehículos por negocio.

Sen limitación de franxa horaria.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

4. Vehículos que transporten persoas a establecementos hoteleiros:

Permitirase unha parada polo tempo mínimo indispensable e estacionamento ata un máximo de 30 minutos diante do establecemento hoteleiro.

Permitirase un máximo dun vehículo por autorización.

Sen limitación de franxa horaria.

Os establecementos hoteleiros deberán tramitar ante o Concello cada comunicación de entrada de vehículos indicando a matrícula, data, hora e punto de destino do establecemento hoteleiro. Coa tramitación desta comunicación achegando a información indicada, entenderase autorizado o acceso sen necesidade de recibir autorización por parte do Concello. No caso de que sexa comprobado por parte da autoridade competente o acceso noutra data, con outro vehículo diferente ou outra falsidade na información facilitada, a autorización quedará anulada, e reservarse o dereito de sanción.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

5. Vehículos que transporten persoas con mobilidade reducida acreditada, con e sen praza de garaxe, sexan ou non residentes na zona de baixas emisións, permitirase en ambos os casos un estacionamento de ata 30 minutos nos espazos reservados para carga e descarga, así como un estacionamento de ata 2 horas nas prazas de mobilidade reducida reservadas na zona de baixas emisións.

Permitirase un máximo de dous vehículos por tarxeta acreditativa da mobilidade reducida.

Sen limitación de franxa horaria.

As persoas con mobilidade reducida non residentes e sen praza de garaxe non necesitan inscribirse no rexistro municipal, nese caso deberán realizar unha solicitude previa de acceso.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

Deberán estar provistos da tarxeta de estacionamento para persoas con mobilidade reducida.

6. Vehículos que transporten persoas con necesidade de acompañamento por terceiras persoas acreditada, con e sen praza de garaxe, sexan ou non residentes na zona de baixas emisións, permitindo en ambos os casos un estacionamento de ata 30 minutos nos espazos reservados para carga e descarga.

Permitirase un máximo de dous vehículos por tarxeta ou documento acreditativo equivalente acerca da necesidade de acompañamento.

Sen limitación de franxa horaria.

As persoas con necesidade de acompañamento que non sexan residentes na zona de baixas emisións e que non dispoñan de praza de garaxe nela non necesitan inscribirse no rexistro municipal, nese caso deberán realizar unha solicitude previa de acceso.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4627769149136641932.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 12-12-2025

7. Vehículos utilizados por persoas non residentes que contén con praza de garaxe dentro da zona de baixas emisións, ben en propiedade, alugada, con bono de reserva ou similar.

Permitirase un máximo de dous vehículos por praza de garaxe.

Sen limitación de franxa horaria.

Non se permite a parada nin o estacionamento en vía pública.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

8. Vehículos utilizados para realizar labores de carga e descarga de mercadorías: Horario: 08.00 a 11.00, de luns a sábado laborables, e das 15.30 ás 17.30 de luns a venres laborables, salvo excepcións xustificadas e previamente comunicadas.

En cada espazo reservado para carga e descarga, permitirase un estacionamento de ata 30 minutos, salvo excepcións xustificadas e previamente comunicadas.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

Permitirase a repartición con ciclos e VMP (tracción física e/ou eléctrica) sen restrición ningunha de horario nin temporal, con estacionamento e circulación segundo o establecido na Ordenanza xeral de circulación, sen necesidade de circular segundo os itinerarios do anexo III para este tipo de vehículos.

9. Vehículos de servizos a domicilio, servizos funerarios, repartición para farmacias e autotaxis:

Permitirase un estacionamento de ata 30 minutos diante do establecemento, excepto os servizos funerarios que non terán limitación temporal.

Os taxis poderán permanecer nas paradas habilitadas sen limitación temporal.

Sen limitación de franxa horaria.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

10. Servizos profesionais de carácter eventual. Inclúense neste grupo vehículos de obras, servizos técnicos, mantementos, reformas e similares.

Ao tratarse de entradas de vehículos eventuais, non se requirirá estar inscritos no rexistro municipal de vehículos autorizados.

Permitirase un máximo dunha matrícula por acceso necesario.

Deberase realizar un trámite segundo se trate de necesidades urxentes ou planificadas:

a) Urxentes (menos de 5 días de antelación): deberán comunicar o acceso achegando a matrícula do vehículo, data, hora, duración aproximada da entrada, localización para a parada ou estacionamento e declaración responsable acerca da necesidade e urxencia do acceso.

Coa tramitación desta comunicación achegando a información indicada, entenderase autorizado o acceso sen necesidade de recibir autorización por parte do Concello. No caso de que se comprobe por parte da autoridade competente a ausencia de necesidade de acceso, acceso noutra data, con outro vehículo diferente ou outra falsidade na información facilitada, a autorización quedará anulada, e reservarse o dereito de sanción.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, sen prexuízo das excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

b) Planificadas (5 ou máis días de antelación): deberán solicitar autorización achegando a matrícula do vehículo, data, hora, duración aproximada da entrada, localización para a parada ou estacionamento, motivo que xustifique a necesidade do acceso e, de ser o caso, permiso de ocupación de vía.

A limitación do acceso e parada ou estacionamento, así como o itinerario de circulación, rexerase segundo a autorización que, se é o caso, se conceda e notifique desde o Concello.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4627769149136641932.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 12-12-2025

11. Servizos municipais e empresas concesionarias (limpeza viaria, bombeiros, Policía Local, brigadas, transporte público urbano etc.), outras administracións públicas (Garda Civil, Policía Nacional, usuarios de aparcadoiros de centros de saúde usuarios de aparcadoiros de centros educativos e doutras administracións en xeral etc.), vehículos de Correos, ambulancias, emerxencias, servizos técnicos de urxencias, vehículos con tarxetas especiais de circulación, vehículos prestados pola seguridade pública e vehículos para o transporte de fondos e xestión de efectivo.

Sen límite temporal nin franxa horaria.

O itinerario de circulación será o establecido no anexo III, salvo servizo de extinción de incendios, ambulancias, emerxencias, Policía Local e corpos e forzas de seguridade do Estado que poderán circular libremente segundo as súas necesidades, e sen prexuízo doutras excepcións puntuais que poidan establecerse desde a autoridade competente municipal.

Permítese a parada e estacionamento en vía pública polo tempo necesario para a prestación do servizo.

12. Outras excepcións singulares: mudanzas, guías turísticos, celebracións de eventos, autoridades, vehículos de máis de 5.500 kg con causa xustificada e outras situacións similares, excepcionais e xustificadas.

Deberase solicitar autorización previa cunha antelación mínima de 5 días hábiles, e as condicións de acceso, parada e estacionamento serán determinadas na autorización que se conceda.

13. Excepcionalmente, aqueles vehículos expresamente autorizados por resolución da autoridade competente coas limitacións que se indiquen na autorización.

En todos os casos permítese a entrada de vehículos sen distinción por categoría ambiental.

En todos os casos, as persoas que estean dentro dalgún dos supostos dos accesos autorizados deberán darse de alta no rexistro municipal de vehículos autorizados, salvo os vehículos que accedan aos aparcadoiros de uso público e os accesos eventuais (servizos profesionais de carácter eventual; persoas con mobilidade

reducida ou con necesidade de acompañamento non residentes e sen praza de garaxe; vehículos de establecementos hoteleiros e as excepcións singulares).

En todos os casos se establece unha limitación de masa máxima autorizada dentro de todo o ámbito da ZBE de ata 5.500 kg, salvo para os vehículos municipais ou de empresas concesionarias, limpeza viaria, extinción de incendios, salvamento, emerxencias, policía e corpos de seguridade, vehículos prestados pola seguridade pública e vehículos para o transporte de fondos e xestión de efectivo. Ademais, poderanse establecer excepcións debidamente xustificadas que autorizará a autoridade competente, nese caso as persoas interesadas deberán tramitar previamente a solicitude de acceso, achegando a documentación xustificativa que se determine desde a autoridade competente con, polo menos, cinco días de antelación.

Estas excepcións para acceder con vehículos que superen os 5.500 kg de M.M.A., sempre que xustifiquen a necesidade da carga do vehículo, son:

1. Vehículos que transporten equipos ou material hospitalario.
2. Vehículos que transporten subministracións de combustible.
3. Vehículos de obras e materiais de construción para obras públicas ou con licenza municipal.
4. Vehículos que sirvan de apoio e/ou traslado para a instalación e/ou montaxe de eventos nos que o Concello de Lugo teña a consideración de promotor ou colaborador.
5. Vehículos con carga indivisible e que acrediten imposibilidade de acceder cun vehículo de menor tamaño.

Desde a autoridade competente, poderase comprobar que a xustificación referente á necesidade da carga do vehículo é correcta e, no caso de que a realidade non se axuste á xustificación realizada na solicitude e na que se basea a autorización outorgada, quedará anulada a autorización coa correspondente sanción por acceso non permitido.

Excepcionalmente, de forma debidamente xustificada e sempre e cando non se puidese tramitar a autorización polo procedemento ordinario, establécese un período de 5 días para que aquelas persoas que, sen ter rexistrada a súa matrícula no rexistro municipal de vehículos autorizados, accedesen á zona de baixas emisións sen autorización nin comunicación previa e sen acceder a un aparcadoiro de uso público, poidan achegar a documentación xustificativa que lles permitiría o acceso para evitar ser sancionados. O período de 5 días empezárase contado desde o día en que se producise o acceso.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac4627769149136641932.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 12-12-2025

Ningún vehículo poderá parar nin estacionar dentro da zona de baixas emisións, salvo nos casos indicados anteriormente, excepto as bicicletas, triciclos, VMP e vehículos non motorizados que se acollerán ao establecido na ordenanza xeral de circulación.

2º.- Inscripción no rexistro de vehículos autorizados para acceder á ZBE

O Concello elaborará un rexistro de vehículos autorizados para acceder á ZBE segundo as condicións establecidas no apartado 1º do anexo II desta ordenanza.


As persoas interesadas en efectuar o rexistro de vehículos para poder acceder á ZBE e que cumpran algunha das condicións para tal fin deberán solicitarlle a súa inscrición ao Concello mediante rexistro de entrada da súa solicitude ou mediante a tramitación presencial que eventualmente se poida poñer ao dispor no Concello, e achegando a documentación que en cada caso lle sexa requirida.

Unha vez efectuada a inscrición no rexistro de vehículos autorizados, poderanse dar de baixa ou de alta vehículos, segundo as condicións establecidas no apartado 1º do anexo II desta ordenanza, mediante solicitude ao Concello.

Todos os permisos concédense por un prazo de dous anos. En datas próximas ao seu vencemento, será necesario renovalo a actualizalo a solicitude da persoa interesada.

Os vehículos inscritos no devandito rexistro non serán sancionados por acceder á ZBE sempre que se respecten as limitacións indicadas nesta ordenanza, segundo o caso.

ANEXO III: ITINERARIOS XERAIS DE CIRCULACIÓN



ANEXO V: PROXECTOS TÉCNICOS DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN